

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de decembro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1474).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1475).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE CAMPOS DE FÚTBOL NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO". EXPTE. 14229/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.12.15, e o informe de fiscalización do 23.12.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade técnica, do 16.12.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, que do seguinte:

**1.- ANTECEDENTES.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente do 08 de xullo de 2015, entre outros asuntos aprobou o expediente PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FUTBOL DO TERMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14229/333.

O citado convenio foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra en sesión ordinaria do 19 de xuño de 2015.

O convenio foi asinado polas partes con data 8 de xullo de 2015, e de forma xeral o mesmo establece as pautas de colaboración entre ambas institucións para a cofinanciación das actuacións para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do termino municipal de Vigo, recollidos no propio convenio nun anexo I, cuxa sínteses económica se corresponde cos seguintes importes:

Créditos para actuacións nos campos de fútbol de titularidade municipal		
Anualidades	Concello de Vigo	Deputación Pontevedra
2015	289.860,00 €	289.860,00 €
Total:	289.860,00 €	289.860,00 €

a.- Os compromisos orzamentario da Deputación Provincial de Pontevedra en relación o contido do convenio son os seguintes:

A Deputación Provincial de Pontevedra no marco deste convenio, comprométese a achegar para o cofinanciamento das actuacións previstas no obxecto deste convenio no ano 2015, correspondendo coa seguinte anualidade:

Ano 2015: 15/942.3420.462.00, importe de 289.860,00 euros.

Si durante o ano 2015, a Deputación Provincial de Pontevedra tivera executado con anterioridade a formalización deste convenio algunha das actuación vinculadas coas necesidades descritas no anexo I deste convenio, a achega do ano 2015, sería minorada no importe correspondente as actuacións executadas.

b.- Os compromisos orzamentarios do Concello de Vigo en relación ao contido do convenio para as bancadas de Río e Tribuna, son as seguintes:

Modificación orzamentaria nº 10/2015, para a aplicación orzamentaria 9330.632.00.10.	225.000,00 €
Aplicación orzamentaria 3410.212.00.04	64.860,00 €
Total:	289.860,00 €

## 2.- DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO:

En relación o contido do convenio, correspóndelle ao Concello de Vigo as seguintes actuacións:

- ✓ Punto 1) do pacto –segundo-. O Concello de Vigo, será o responsable de coordinar a definición definitiva do plan de actuación para os diversos campos de fútbol no término municipal de Vigo que se relaciona no anexo I.
- ✓ Punto 2) do pacto –Cuarto- Os proxectos que conforman as distintas actuacións, redactaranse por técnicos da Deputación de Pontevedra, sen prexuízo da colaboración que presten os técnicos do Concello de Vigo e de acordo ás propostas que se acorden pola Comisión de Seguimento, de ser o caso.
- ✓ O plan de actuación atenden os seguintes campos de fútbol municipais.

- Campo de fútbol As Relfas (Sárdoma-Moledo)
- Campo de fútbol San Andrés de Comesaña
- Campo de fútbol do Meixoeiro
- Campo de fútbol da Bouza
- Campo de fútbol A Guía
- Campo nº 1 nas instalacións de fútbol Sta Mariña (Cotogrande-Cabral)

## 3.- ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN:

En relación as actuacións inicialmente previstas no nexo I do convenio asinado, na actualidade están executándose os seguintes expedientes de contratación:

### EXPEDIENTES TRAMITADOS E ADXUDICADOS:

I.- EXPEDIENTE 14406/333. CONTRATO MENOR OBRAS MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL A BOUZA, SANTA MARIÑA, SÁRDOMA, A GUÍA EN BASE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

- Importe de licitación: 58.120,01 €
- Adxudicación: 50.820,00 €
- Adxudicatario: INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES ,SL

### EXPEDIENTES EN TRAMITACIÓN:

I.- EXPEDIENTE: 14634-333. APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.

- Importe de licitación: Prezo máximo para a citada obra será o de 78.582,65 € (IVE engadido).

II.- EXPEDIENTE: 14636-333. APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO.

- Importe de licitación: Prezo máximo para a citada obra será o de 52.990,39 € (IVE engadido).

Estes dous expedientes atópanse en fase de inicio da tramitación. Expediente de contratación de obras aberto por lotes.

## 4.- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.

En relación a situación actual da execución das obrigas do convenio e tendo en conta que o convenio asinado dispón:

- ✓ Punto 3) do pacto –terceiro e cuarto-, en relación as obrigas económicas do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra que “*Co fin de coordinar a previsión orzamentaria das anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas,*

*as actuacións non puideran ser executadas nos prazos previstos, poderá ser solicitada prórroga nos prazos de execución.”*

✓ O Pacto –Decimo- en relación a vixencia do convenio establece: *“A vixencia do presente convenio estendérase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo”*

O punto 2 do Pacto –cuarto- indica: *“Os proxectos que conforman as distintas actuacións, redactaranse por técnicos da Deputación de Pontevedra, sen prexuízo da colaboración que presten os técnicos do Concello de Vigo e de acordo ás propostas que se acorden pola Comisión de Seguimento de ser o caso.”*

✓ O apartado d) do pacto –sexto- indica: *“Si se producen desfases nos prazos de execución das obras, en relación aos acordos de financiamento, a Comisión de seguimento poderá propoñer os axustes necesarios en relación aos compromisos das anualidades.*

En relación a todos os aspectos anteriormente expostos, a COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO, reunida o pasado día 2 de decembro de 2014, aprobou as seguintes propostas:

#### 1.- Informe proposta para a adecuación das actuacións previstas no ámbito do convenio.

Dáse conta do informe presentado polo Concello de Vigo en relación a situación de desenvolvemento das actuacións vinculadas o obxecto do convenio asinado entre ambas as dúas institucións.

Desta proposta, destácanse as seguintes actuacións:

En relación as actuacións previstas nos campos de fútbol, encoméndase os técnicos da Area de Cooperación Municipal da Deputación de Pontevedra e da Concellería de Deportes do Concello de Vigo a redacción de novas propostas técnicas de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol de titularidade municipal, para que no prazo máximo dun mes se propoña a comisión de seguimento as novas actuación a executar no período de prórroga do convenio co límite económico máximo previsto inicialmente.

Estas actuación atenderán as seguintes propostas:

- Sobre o Campo de fútbol As Relfas (Sárdoma-Moledo), valorar a actuación de instalación dunha zoa complementaria para adestramento na area anexa a porteria sur e realizar unha mellora no modulo de vestiarios.
- Campo de fútbol San Andrés de Comesaña, valorar a actuación de substitución do terreo de xogo pola instalación dun novo pavimento de herba sintética e reparación do base asfáltica.
- Incluír no ámbito da actuación o campo de fútbol Municipal de Castrelos (Monte da Mina), no cal se valorará a actuación de substitución do terreo de xogo pola instalación dun novo pavimento de herba sintética.

#### 2.- Informe proposta para a solicitude de prórroga do prazo de vixencia do Convenio.

En relación o apartado anterior, o citado informe-proposta, presentado polo Concello de Vigo indica que:

De acordo co Pacto –Decimo- en relación a vixencia do convenio establece: “A vixencia do presente convenio estendérase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo”

Polo cal a proposta presentada polo Concello de Vigo sobre este apartado indica as seguintes cuestións:

- Aprobar unha prórroga para a vixencia do convenio ata o 31 de outubro de 2016.
- De acordo coa condición establecida no apartado d) do pacto sexto, cada unha das dúas administracións, deberán proceder a realización dos axustes orzamentarios necesarios, para manter os compromisos económicos establecidos no actual convenio, en relación o novo período de vixencia do convenio, derivado da proposta de prórroga ata o 31 de outubro de 2016.

En base a estes acordos, a COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO, acordou propoñer o seguinte documento como addenda –vai anexo a este informe- ao convenio asinado que recolle as propostas anteriores, para que cada unha das institucións proceda a súa aprobación, co obxecto de proceder posteriormente a súa sinatura.

#### 5.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, previo informe xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar unha prórroga, ata o 31 de outubro de 2016, para a vixencia do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do término municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xullo de 2015 e asinado na mesma data.

Segundo: De acordo coa condición establecida no apartado d) do pacto sexto, o Concello de Vigo comprométese á realización das operacións orzamentarias necesarias, para manter os compromisos económicos establecidos no actual convenio, en relación o novo período de vixencia do mesmo, derivado da proposta de prórroga ata o 31 de outubro de 2016.

Terceiro: Aprobar o texto da addenda o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do termino municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xullo de 2015 e asinado na mesma data, que se anexa a este expediente.

Cuarto: Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra, co obxecto da formalización da sinatura da Addenda e o inicio das actuacións que correspondan a cada institución.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS DERIVADAS DA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación do Concello de Vigo que lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ó convenio de colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN:

I.- Que con data de 08/07/2015 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización de obras de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol do termo municipal de Vigo.

II.- Que o convenio segundo o seu pacto 1º ten por obxecto a realización de obras de mantemento e actualización dos campos de fútbol do termo municipal de Vigo, incluídos no anexo I do convenio.

Segundo o pacto 2º correspóndelle ó Concello de Vigo a coordinación da definición definitiva do plan de actuación para os diversos campos de fútbol no termo municipal de Vigo relacionados no Anexo I do convenio.

Segundo o pacto 4º os proxectos que conforman as distintas actuacións redactaranse por técnicos da Deputación de Pontevedra, sen prexuízo da colaboración dos técnicos do Concello de Vigo e acordo ás propostas que se acorden pola Comisión de Seguimento de ser o caso.

Que de conformidade co previsto no seu pacto 11º, o convenio está en vigor desde o día da súa sinatura, estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2015, podendo ser prorrogado de mediar algunha causa que o xustifique, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo.

III.- Comprobado o estado actual da execución das actuacións previstas no convenio, foi adxudicado un contrato menor para a realización das obras de mantemento correspondentes ós campos de Sárdoma, As Relfas, A Bouza, A Guía e Santa Mariña. Asemade atópanse en tramitación os expedientes relativos á execución das obras de mantemento e reparación nos campos de San Andrés de Comesaña e O Meixoeiro, estando ambos pendentes de licitación.

IV.- Que o pacto 10º do convenio prevé unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, aprobación dos plans de execución das obras previstas así como a resolución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar. A comisión á vista do estado do plan de actuación e da imposibilidade de execución das obras inicialmente previstas por mor de dificultades que non se puideron prever na redacción dos correspondentes proxectos, e tendo en conta a necesidade de avaliar a situación actual dos campos incluídos no ámbito do convenio, estima necesario prorrogar a súa vixencia así como realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos adquiridos. Asemade como resultado da avaliación

estima necesario valorar novas propostas de actuación nos campos de As Relfas e San Andrés de Comesaña, e incluír no seu ámbito de actuación o campo de fútbol de Castrelos (Monte da Mina).

V.- Que o pacto 8º do convenio estipula que as modificacións que se fagan, sempre dentro do importe definitivo que corresponda, deberán dar lugar a tramitación de addendas ó convenio.

VI.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda ó convenio de colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia para dar continuidade as actuacións iniciadas, incluír novas propostas de actuación acordes coa situación actual dos campos, así como incluír un novo campo no seu ámbito de actuación, cos seguintes

## PACTOS

### PRIMEIRO:

A presente addenda asínase ao abeiro do pacto 8º do Convenio de Colaboración asinado o 8 de xullo de 2015 entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para a realización de obras de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol do termo municipal de Vigo, polo que as modificacións que se fagan, sempre dentro do importe definitivo que corresponda, deberán dar lugar a tramitación de addendas ó convenio

A Addenda ten por obxecto dar continuidade ás actuacións iniciadas, prorrogar a súa vixencia e introducir modificacións no Convenio de Colaboración asinado o 8 de xullo de 2015 entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para a realización de obras de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol do termo municipal de Vigo.

### SEGUNDO:

As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio, en relación ó novo período de vixencia.

As novas actuacións previstas nesta addenda, non incluídas inicialmente no convenio, non alteran os límites máximos das obrigas económicas das partes previstas no convenio, o 50% para cada parte, do importe total das actuacións derivadas do convenio. Asemade estas novas actuacións non alteran o importe total das actuacións recollidas no convenio, 579.720,00 euros.

As partes co fin de garantir o compromiso de estabilidade do financiamento inicial, acordan aplicar as baixas que xa se produciron na data da sinatura desta addenda, así como as que se produzan con posterioridade, a financiar as actuacións pendentes de execución, así como as novas modificacións introducidas.

Asemade as partes comprométense a manter o resto de obrigas derivadas do convenio.

### TERCEIRO:

Ós efectos do seu ámbito de aplicación, á presente addenda axúntase un novo ANEXO I no que se relacionan os campos de fútbol sobre os que se executarán as actuacións de mantemento e conservación, actualizado coas modificacións derivadas desta addenda; quedando sen vigor o ANEXO I inicialmente axuntado ó convenio.

### CUARTO:

De acordo co previsto no pacto 4º do convenio correspóndelle á Deputación de Pontevedra, mediante os técnicos da área de Cooperación Municipal, a redacción das novas propostas técnicas incluídas no ANEXO I axuntado a esta addenda, sen prexuízo da colaboración que presten os técnicos da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A valoración das novas propostas de actuación, así como a actualización das xa incluídas inicialmente, unha vez executadas ou adxudicadas, tras a proposta da comisión de seguimento, efectuarase con posterioridade á sinatura desta addenda, coa participación dos técnicos da Deputación de Pontevedra e do Concello de Vigo. A nova valoración, incluídas as novas actuacións e as actualizacións das existentes, en ningún caso poderá supoñer un incremento para o importe total consignado no convenio, 579.720,00 euros.

Ós efecto de servir como documento de referencia axúntase a esta addenda un Anexo II no que se recolle un resumen das obras en execución ou en fase de licitación coas seus importes inicialmente comprometidos, así como unha estimación das novas actuacións propostas.

QUINTO:

A vixencia do convenio, prevista dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015, prorrogase ata o 31 de outubro de 2016. A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

#### ANEXO I:

Relación de campos de fútbol sobre os que se executarán as actuacións de mantemento e conservación (financiadas ó 50% polo Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra):

##### Campo de fútbol As Relfas (Sárdoma-Moledo)

- Obra de reparación do desprendemento dunha parte da parcela do campo:
- Reparacións de roturas en zoas do campo.
- Reparacións de zoas fundidas no campo.
- Reparación de liñas de xogo.
- Descompactación do caucho do campo.
- Cepillado da totalidade do campo.
- Subministro de caucho.
- Reparación do sistema de rego
- Reparación do marcador electrónico.
- Reparación dos sistemas de iluminación.
- Outras actuacións complementarias no equipamento do campo.
- Instalación dunha zoa complementaria para adestramento na área detrás da portería sur
- Realizar unha mellora no modulo de vestiarios desta instalación.

##### Campo de fútbol San Andrés de Comesaña

- Obra de reparación do afundimento da canaleta dun lateral do campo e reparación das zoas afectadas, torreta de iluminación, peche perimetral, etc.
- Reparación de liñas de xogo.
- Descompactación do caucho do campo.
- Cepillado da totalidade do campo
- Subministro de caucho.
- Reparación do sistema de rego
- Reparación do marcador electrónico.
- Reparación dos sistemas de iluminación.
- Outras actuacións complementarias no equipamento do campo.
- Substitución de terreo de xogo pola instalación dun novo pavimento de herba sintética

#### Campo de fútbol do Meixoeiro

- Obra de reparación do afundimento dunha parte da parcela do campo:
- Reparación de liñas de xogo.
- Descompactación do caucho do campo.
- Cepillado da totalidade do campo
- Subministro de caucho.
- Reparación do sistema de rego.
- Reparación do marcador electrónico.
- Reparación dos sistemas de iluminación.
- Outras actuacións complementarias no equipamento do campo.

#### Campo de fútbol da Bouza

- Reparación de liñas de xogo.
- Descompactación do caucho do campo.
- Cepillado da totalidade do campo.
- Subministro de caucho.
- Reparación do sistema de rego.
- Reparación do marcador electrónico.
- Reparación dos sistemas de iluminación.
- Outras actuacións complementarias no equipamento do campo.

#### Campo de fútbol A Guía

- Reparación de liñas de xogo.
- Descompactación do caucho do campo.
- Cepillado da totalidade do campo.
- Subministro de caucho.
- Reparación do sistema de rego.
- Reparación do marcador electrónico.
- Reparación dos sistemas de iluminación.
- Outras actuacións complementarias no equipamento do campo.
- Limpeza perimetral da vexetación.

#### Campo nº 1 nas instalacións de fútbol Sta Mariña (Cotogrande-Cabral)

- Reparación de liñas de xogo.
- Descompactación do caucho do campo.
- Cepillado da totalidade do campo.
- Subministro de caucho.
- Reparación do sistema de rego.
- Reparación do marcador electrónico.
- Reparación dos sistemas de iluminación.
- Outras actuacións complementarias no equipamento do campo.

#### Campo de fútbol municipal de Castrelos (Monte da Mina)

- Substitución de terreo de xogo pola instalación dun novo pavimento de herba sintética

INVESTIMENTO TOTAL.....579.720,00 €

## ANEXO II

### RESUMEN INICIAL DA PREVISIÓN ECONOMICA PARA AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NESTA ADDENDA:

Expedientes en execución:	Importe
EXPEDIENTE 14406/333. CONTRATO MENOR OBRAS MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL A BOUZA, SANTA MARIÑA, SÁRDOMA, A GUÍA.	50.820,00 € (adxudicado)
EXPEDIENTE: 14634-333. APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.	78.582,65 € (en tramitación)
EXPEDIENTE: 14636-333. APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO.	52.990,39 € (en tramitación)
Importe inicialmente comprometido en execución de obras:	182.393,04 €
Importe pendente en relación as obrigas económicas do convenio	397.326,96 €

ESTIMACIÓN DAS NOVAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS	Importe
<u>Sobre o Campo de fútbol As Relfas (Sárdoma-Moledo)</u> , valorar a actuación de instalación dunha zoa complementaria para adestramento na area anexa a porteria sur.	49.000,00 €
<u>Campo de fútbol San Andrés de Comesaña</u> , valorar a actuación de substitución do terreo de xogo pola instalación dun novo pavimento de herba sintética e reparación do base asfáltica.	183.326,96 €
Incluír no ámbito da actuación o <u>campo de fútbol Municipal de Castrelos (Monte da Mina)</u> , no cal se valorará a actuación de substitución do terreo de xogo pola instalación dun novo pavimento de herba sintética.	165.000,00 €
Importe total para as novas propostas	397.326,96 €

### **3(1476).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LOS MILAGROS S.L. POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA-TEIS NO MES DE DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 17534/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.12.15, o informe de fiscalización do 21.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 15.12.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adxudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-*

Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adxudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución; na sesión da Mesa de Contratación de data 03/11/15 aprobouse a proposta de adxudicación deste expediente, referido ás tres escolas infantís municipais citadas, e a Xunta de Goberno Local de data 27/11/15 aprobou a súa adxudicación provisional. No informe complementario do Servizo de Educación, de data 27/11/15, que se inclúe no expediente, arguméntanse e especificanse os motivos desta demora.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 09 de decembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 88 (doc. num. 150158157), por importe de 18.140,00 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Atalaia-Teis, durante o período do 1 ao 31 de decembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Atalaia-Teis, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2015. O importe ascende a 18.140,00 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Atalaia-Teis, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2015, pola cantidade de 18.140,00 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

- 1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 88 (doc. num. 150158157) por importe de 18.140,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/12/15 e o 31/12/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.
- 2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 18.140,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/12/15 e o 31/12/15.
- 3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 18.140,00 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/12/15 e o 31/12/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1477).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LOS MILAGROS S.L. POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA CRISTINA-LAVADORES NO MES DE DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 17534/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.12.15, o informe de fiscalización do 21.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 15.12.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adxudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adxudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución; na sesión da Mesa de Contratación de data 03/11/15 aprobouse a proposta de adxudicación deste expediente, referido ás tres escolas infantís municipais citadas, e a Xunta de Goberno Local de data 27/11/15 aprobou a súa adxudicación provisional. No informe complementario do Servizo de Educación, de data 27/11/15, que se inclúe no expediente, arguméntanse e especificanse os motivos desta demora.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

*En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.*

*Con data 09 de decembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 90 (doc. num. 150158159), por importe de 18.883,84 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Santa Cristina-Lavadores, durante o período do 1 ao 31 de decembro de 2015.*

*O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.*

*De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.*

*Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2015. O importe ascende a 18.883,84 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.*

*Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2015, pola cantidade de 18.883,84 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.*

*En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:*

*1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 90 (doc. num. 150158159) por importe de 18.883,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o período comprendido entre o 01/12/15 e o 31/12/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.*

*2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 18.883,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o período comprendido entre o 01/12/15 e o 31/12/15.*

*3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 18.883,84 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o período comprendido entre o 01/12/15 e o 31/12/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.*

### **Acordo**

**A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**5(1478).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LOS MILAGROS S.L. POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL COSTEIRA-SAIÁNS NO MES DE DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 17536/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.12.15, o informe de fiscalización do 21.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 15.12.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adjudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:*

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

*A adjudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos máis, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (período 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (período 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último período foi o seguinte:*

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

*Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución; na sesión da Mesa de Contratación de data 03/11/15 aprobouse a proposta de adjudicación deste expediente, referido ás tres escolas infantís municipais citadas, e a Xunta de Goberno Local de data 27/11/15 aprobou a súa adjudicación provisional. No informe complementario do Servizo de Educación, de data 27/11/15, que se inclúe no expediente, arguméntanse e especificanse os motivos desta demora.*

*A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adjudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e*

contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adjudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 09 de decembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 89 (doc. num. 150158158), por importe de 17.967,64 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Costeira-Saiáns, durante o período do 1 ao 31 de decembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Costeira-Saiáns, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2015. O importe ascende a 17.967,64 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Costeira-Saiáns, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2015, pola cantidade de 17.967,64 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 89 (doc. num. 150158158) por importe de 17.967,64 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o período comprendido entre o 1/12/15 e o 31/12/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 17.967,64 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o período comprendido entre o 1/12/15 e o 31/12/15.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 17.967,64 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o período comprendido entre o 1/12/15 e o 31/12/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1479).- CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR DA AP-9”. EXPTE. 2491/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.12.15, dáse conta do informe-proposta do responsable do contrato, do 24.11.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

*Con data 24 de novembro de 2015 emítase Informe Proposta á Xunta de Goberno Local.*

*Con data 11 de decembro de 2015 emite informe de conformidade a Intervención Xeral, con unha serie de observacións.*

*Por Dilixencia de data 18 de decembro de 2015 se asina a conformidade do responsable do contrato coa acta de recepción das obras.*

*Por Dilixencia de data 21 de decembro se incorporan ao expediente certificacións de acordos da Xunta de Goberno Local de dtas 18 de marzo de 2015 e 13 de agosto de 2015 de autorización para a redacción do proxecto modificaco nº 1 sen incremento económico e aprobación do mesmo.*

*Visto o anterior é polo que se emite un novo Informe Proposta co mesmo contido que o de data 24 de novembro de 2015:*

*De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle ao Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas á execución da obra:*

1.- Trámites do expediente:

<i>Aprobación do proxecto básico e de execución</i>	<i>Expediente 2615/443, por acordo da XGL en sesión do 03/06/2014</i>
<i>Orden de inicio do expediente de contratación</i>	<i>Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 10/06/2014</i>
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 2491/440. Aprobado pola XGL en sesión do 18/07/2014. Importe de licitación de 335.000,00 €.</i>
<i>Aplicación Orzamentaria Proxecto</i>	<i>1550.619.00.45 Humanización da rúa Coutadas, entre a rúa Santander e o paso superior da AP-9</i>
<i>Adxudicación</i>	<i>Por acordo da XGL en sesión do 07/11/2014 a Unika Proyectos y Obras S.A.U., por un prezo de 251.652,00 euros (IVE engadido).</i>
<i>Prazo de execución</i>	<i>4 meses</i>
<i>Garantía:</i>	<i>12+108 meses de incremento da garantía = 120 meses</i>
<i>Sinatura do contrato</i>	<i>12/11/14</i>

Dirección facultativa	A XGL do 14/11/2014, acordou o nomear aos técnicos municipais D. Juan Aguirre Rodríguez e D. Juan Hansen García Expediente: 2737/443.
Coordinación de Seg e Sa.	A XGL do 27/11/2014, acordou o nomear a Dna. Rebeca Galiñanes Fernández con DNI 53182606M, Arquitecto técnico Expediente: 2491/440.
Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado pola XGL en sesión de 28/11/2014, de acordo co documento presentado por Unika Proyectos y Obras S.A.U., de acordo co informe favorable de data 20/11/2014 asinado por Dna. Rebeca Galiñanes Fernández, como coordinadora de seguridade e saúde. Expte: 2759/443.
Plan de Residuos	Se da conta a XGL en sesión do 28/11/2014, de acordo co documento presentado por Unika Proyectos y Obras S.A.U. e co informe favorable de data 28/11/2014 asinado por D. Juan Aguirre Rodríguez e D. Juan Hansen García, como directores facultativos. Expte: 2759/443.
Plan de Trabajo	Aprobado pola XGL en sesión de 12/12/2014, de acordo co documento presentado por Unika Proyectos y Obras S.A.U. e co informe favorable de data 04/12/2014 asinado por D. Juan Aguirre Rodríguez e D. Juan Hansen García, como directores facultativos. Expte: 2767/443.
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 12/12/2014, de acordo co documento presentado por Unika Proyectos y Obras S.A.U. e co informe favorable de data 04/12/2014 asinado por D. Juan Aguirre Rodríguez e D. Juan Hansen García, como directores facultativos. Expte: 2767/443.

## 2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 4 meses.

1.) A Humanización da rúa COUTADAS, ENTRE A RUA SANTANDER E O PASO SUPERIOR DA AP-9, foi unha obra de investimento do ano 2014. Tendo en conta que a obra non foi completamente executada en 2014 procedeuse á tramitación da incorporación da mesma no exercicio 2015.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 02/12/2014
Data de inicio das obras	03/12/2014
Data de finalización das obras	03/04/2015

Con data 18/03/2015, en Xunta de Goberno Local solicítase a autorización de redacción do proxecto modificado paralizándose as obras e o 13/08/2015 apróbbase en Xunta de Goberno Local dito proxecto co que se reinician as obras. Expte. 2615/443.

### 2.1.- Axuste do prazo de finalización da obra:

Atendendo a que o prazo de suspensión abarcou o períodos comprendidos entre o 18/03/2015 ata o 13/08/2015 (148 días) , o prazo de finalización pasa do inicialmente establecido para o 3 de abril de 2015 á **data límite do 28 de agosto do 2015**.

## 3.- Certificacións de obra:

<i>Data</i>	<i>Nº certificación</i>	<i>importe</i>
29/12/14	Certificación nº 1. acopios. (ive incluído):	35.213,55 €
29/12/14	Certificación nº 2. execución obra. (ive incluído):	3.921,73 €
05/02/15	Certificación nº 3. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
02/03/15	Certificación nº 4. execución obra. (ive incluído)	90.091,99 €
01/04/15	Certificación nº 5. execución obra. (ive incluído)	54.033,97 €
04/05/15	Certificación nº 6. execución obra. (ive incluído)	23.419,11 €
26/10/15	Certificación nº 7. execución obra. (ive incluído)	44.971,65 €

#### 4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá á obra correspondente á execución da Humanización da rúa Coutadas, entre a rúa Santander e o paso superior da AP-9.

b.- Consta declaracións responsables asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar ao corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados á execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo aos seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaracións responsables na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación á "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras (consta na documentación gráfica anexa)

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista á dirección facultativa, como documentación obrigatoria con anterioridade á aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ao control de calidade,

*planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.*

*d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.*

*e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 02/12/2014, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 12/11/2014).*

*f.- Consta no expediente os seguintes documentos:*

*–Programa de traballo, presentado pola empresa, coa conformidade dos directores facultativos de data 04/12/2014. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 12/12/2014.*

*–Plan de seguridade e saúde, presentado pola empresa, coa conformidade da Coordinadora de seguridade e saúde de data 20/11/2014. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 28/11/2014.*

*–Plan de residuos, presentado pola empresa, coa conformidade dos directores facultativos de data 28/11/2014. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 28/11/2014.*

*–Plan de calidade, presentado pola empresa, coa conformidade dos directores facultativos de data 04/12/2014. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 12/12/2014.*

*g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..*

*h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.*

*i.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.*

*j.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas empresas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.*

*k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.*

#### 5.- Recepción das obras:

*As obras finalizaron dentro do prazo máximo establecido do 28/08/2015 e con data 25 de setembro asínase acta de recepción definitiva da obra relativa ao proxecto de "Humanización da rúa Coutadas, entre a rúa Santander e o paso superior da AP-9". Determínase a data do 23 de outubro de 2015 para a realización da medición xeral.*

De acordo ao contido da acta de recepción, en relación á determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 23 de outubro de 2015, procédese á realización de dita medición xeral das obras coa participación dos directores Facultativos da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado e asinada por D. Juan Aguirre Rodríguez e D. Juan Hansen García, na súa condición de Directores Facultativos e de D. Alexandre Abalde Costas como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade ao resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta é entregada ao Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procédese na data de 26 de outubro de 2015 a emitir a certificación final da obra, de acordo ao contido da medición xeral realizada. Dita certificación final é asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

#### 6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente ao presente expediente de acordo ao contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo ao contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 120 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 25/09/2015, correspondente á data de recepción asinada polas partes, rematará o 25/09/2025. O Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, de oficio ou a instancia do contratista deberá redactar informe sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

#### 7.- Competencia para a aprobación:

De conformidade co previsto no artigo 235.1 do TRLCSP a competencia para a aprobación da certificación final de obra correspóndelle ao órgano de contratación, que de conformidade co previsto na disposición adicional segunda de dita norma, é a Xunta de Goberno Local ao ser Vigo un municipio de "gran poboación".

#### PROPOSTA:

Por isto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*Primeiro.-* Aprobar a certificación -nº7- de final de obra do proxecto de "Humanización da rúa Coutadas, entre a rúa Santander e o paso superior da AP-9", de data 26 de outubro de 2015, por un importe de 44.971,65 €, resultado de aplicar á medición xeral da obra efectuada con data 23 de outubro de 2015, os prezos unitarios incluídos no seu presuposto, coa baixa ofertada polo contratista e unha vez deducidos os importes das certificacións a conta xa aboadas, co seguinte detalle:

Presuposto de execución material:	232.655,04 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	191.078,25 €
Total execución material da presente certificación	41.576,79 €
Gastos xerais (13%)	5.404,98 €
Beneficio industrial (6%)	2.494,61 €
Total:	49.476,37 €
IVE (21)%	517,99 €
Presuposto de execución por contrata	37.166,65 €
Baixa adxudicación (24,88%)	12.309,72 €
Importe total	44.971,65 €

*Esta certificación será aboada con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.45.*

Segundo.- *Quedar enterada do inicio do prazo de garantía da obra "Humanización da rúa Coutadas, entre a rúa Santander e o paso superior da AP-9", que de acordo co contrato asinado en data 12/11/2014 se corresponde con 120 meses, os cales terán efecto a partir da data de 25/09/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 25/09/2025. O Responsable do Contrato dentro dos quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, de oficio ou a instancia do contratista deberá redactar informe sobre o estado das obras e, se fora favorable, se deberá proceder á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de sesenta (60) días.*

*Da liquidación do contrato deberá darse conta, polo responsable do contrato, á Xunta de Goberno Local, salvo que existiran obrigas pendentes; en cuxo caso o seu abono deberá ser aprobado polo dito Órgano.*

Terceiro.- *Do presente acordo deberase dar conta ao Contratista para o seu coñecemento e presentación da correspondente factura polo importe da certificación final de obra aprobada no punto primeiro anterior.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1480).- AUTORIZACIÓN DE ABOAMENTOS A CONTA DE MATERIAIS ACOPIADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA DE BALAIÍDOS. FASE II. EXPTE. 3392/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Xestión de Fomento, do 23.12.15, conformado polo responsable do contrato e xefe da Área de Fomento, o asesor xurídico e concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*1º. En data 28 de decembro de 2015 tivo entrada escrito no Rexistro Xeral deste Concello documentación da mercantil S.A de Obras y Servicios COPASA contratista da execución das obras de reforma da cuberta e grada de tribuna de Balaídos. Fase II, no que solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 1.972.645,04 euros, así como o abono a conta do 20% das unidades de obra a prezos contratados que resten por executar por acopio de equipos por importe de 267.518,20€ euros. O contrato no que se formaliza a citada adxudicación foi asinado entre o Concello de Vigo e SA de Obras y Servicios Copasa en data 14 de decembro de 2015.*

*2º.- Consta acta de comprobación de replanteo da obra asinada pola dirección facultativa e a empresa adxudicataria en data 23 de decembro de 2015.*

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2001, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto Legislativo 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP
- Prego de Clausulas Administrativas participares para a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto "Segunda Fase do Proxecto de Reforma da Cuberta e Grada de Tribuna do Estadio de Balaídos"

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 216 do TRLCSP contempla no seu apartado 3 o dereito do contratista a percibir abonos a conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estén comprendidas no obxecto do mesmo, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos debendose asegurar os referidos pagos mediante a prestación da garantía.

Segundo.- O artigo 232 do TRLCSP, no seu apartado 2, sinala no que respecta á execución dos contratos de obras, que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como instalacións e acopio de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme ao réxime e os límites que con carácter xeral determinárense reglamentariamente, debendo asegurar os referidos pagos mediante a prestación de garantía.

A estes efectos, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron esta contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 7 de agosto de 2015 na súa cláusula 30 establece o réxime de pagos.

Terceiro.- O artigo 155 do RXCAP, establece no seu apartado 1 que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación justificativa da propiedade ou posesión dos materiais
- b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra nos que queden incluídos os materiais redactado pola dirección de obra.

Cuarto.- O artigo 156 do RXCAP establece que tamén terá dereito ao abono a conta por equipos, ata o 20% das unidades de obra que resten por executar e para as cales se faga necesario a utilización dos mesmos, de acordo coas seguintes regras:

- a.- O abono verá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do Imposto sobre Sociedades tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- b.- No caso de instalacións, o abono non poderá superar o 50% da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20% das unidades de obra a

precios contratados que resten por executar e para os cais se faga necesaria a utilización de aqueles.

c.- No cálculo da cantidade a abonar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

En canto ao disposto para abonos, tramitación e devolución se estará ao disposto no artigo 155 do RXCAP.

Quinto.- No propio artigo 155 do RXCAP, no seu apartado 2, establece que as partidas correspondentes á materiais acopiados poderán incluírse na relación mensual ou noutra independente. No seu apartado 3, que a efectos do cálculo do valor unitario do material tomárase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais. Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do abono, non tivera a regulamentaria descomposición de prezos e non figurara no proxecto o custo inicial, fixarase pola dirección de obra, non podendo sobrepasar o 50% do prezo da mesma.

E por último, no seu apartado 5, que soamente procederá o abono da valoración resultante do apartado 3 cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidera cubrir a totalidade do abono a conta reflectido na relación valorada, procederase ao abono que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

Sexto.- Para asegurar o importe total dos pagos a conta por acopio de materiais e equipos, de conformidade co establecido nos artigos 216 e 232 do TRLCSP e 157 do RXCEP deberán constituírse garantías. As mesmas rexeranse polo disposto para garantías na normativa vixente e o contratista terá dereito a súa cancelación total ou parcial a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos abonos a conta percibidos.

Séptimo.- Cumprindo cos anteriores requisitos citados, o contratista ten dereito a que se lle abone a conta o valor do material acopiado coas limitacións previstas na Lei. Neste caso concreto o contratista achega a súa solicitude a seguinte documentación.

En relación co acopio de materiais:

a.- Relación valorada dos materiais acopiados nos términos establecidos na normativa anteriormente citada.

b.- Plan de devolución das cantidades anticipadas.

c.- Documentación xustificativa da propiedade e posesión dos materiais.

d.- Declaración responsable de que os materiais foron recibidos como útiles e almacenados na obra (ou outro lugar autorizado) e de que non existe perigo de que sufran danos ou desaparezan, conformada pola dirección da obra.

e.- Compromiso de presentación de garantía polo importe total da certificación, constituída de conformidade co previsto no Título IV do TRLCSP e na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación. A mesma deberá constituírse previamente á aprobación da certificación e da correspondente factura, e só poderá cancelarse a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro do importe dos abonos a conta percibidos.

En relación co acopio de equipos necesarios para a obra:

a.- Declaración de propiedade e aceptación de garantía.

b.- *Relación valorada da maquinaria adscrita á obra.*

c.- *Memoria explicativa*

d.- *Compromiso de presentación de garantía polo importe total da certificación.*

*A dirección facultativa en data 28 de decembro de 2015 emite informe favorable de cumprimento dos requisitos citados anteriormente. Asimesmo unha vez efectuado os cálculos tal e como establece a normativa citada, a dirección facultativa informa que o importe do valor do abono por acopios de materiais é de 1.972.645,04€ IVE incluído, e o importe do abono a conta por acopio de maquinaria é de 267.518,20 €, IVE incluído, polo que procede que o contratista reciba o importe do abono a conta por materiais acopiados e o abono a conta por acopio dos equipos necesarios para a obra que solicita, unha vez teña constituída a garantía esixida.*

Séptimo.- *Existencia de crédito. A partida 9330.632.00.10 (Invest. Mellora e reposición gradas Balaídos) do vixente orzamento de gastos dispón de crédito suficiente para o abono do importe solicitado.*

Octavo.- *Competencia. Correspóndelle segundo o artigo 155 do RXCSP a aprobación da autorización a percibir abonos a conta polos materiais acopiados ao órgano de contratación, que neste caso en virtude do disposto na disposición adicional segunda do TRLCS é a Xunta de Goberno Local.*

*Por isto proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización de conformidade da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Autorizar aos directores facultativos das obras do proxecto de REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE BALAIÓDOS. FASE II a expedir certificación a favor da mercantil S.A de Obras y Servicios COPASA por importe de 1.972.645,04 € IVE incluído, (correspondente ao 75% do valor dos materiais acopiados para executala), e 267.518,20 € IVE incluído (correspondente ao 20% das unidades de obra a prezos contratos que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización dos equipos relacionados), resultando un total de 2.240.163,24 € con cargo á partida 9330.632.00.10 do vixente orzamento de gastos municipal.*

*2º.- Previamente á aprobación da certificación e da correspondente factura, o contratista deberá constituír garantía e depositala na Tesourería Municipal polo importe total da certificación, en calquera das formas que autoriza o TRLCSP e conforme ao disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación. O importe da mesma ascende a un total de 1.851.374,58€ (1.630.285,16 por acopio de materiais máis 221.089,42 por abono a conta por maquinaria).*

### **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.